

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 21 DE DECEMBRO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE EN FUNCIONS:

Don Alberte Lamazares Casero

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e un de decembro de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente en funcións Don Alberte Lamazares Casero, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da

Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as dez horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 18 de decembro de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- RESOLUCIÓN DE CONTRATO MENOR DE OBRAS POR RENUNCIA DO CONTRATISTA

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 18 de maio do corrente, adxudicouse, como contrato menor, o contrato para a execución da obra denominada "ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE LAVADOIROS (LAXAS, SANTA MARIÑA E AZ)" á sociedade CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L., con CIF núm. [REDACTED].

e con domicilio social no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, ao prezo de CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS TRINTA E NOVE EUROS CON CINCUENTA E CATRO CÉNTIMOS (48.339,54 €), IVE incluído, con estrita suxeición ao proxecto básico e de execución, aprobada por resolución da Alcaldía de data 01/12/22, redactado polo arquitecto técnico Don José Abel Mato Méijome. As obras adxudicadas non foron iniciadas á presenta data.

A sociedade adxudicataria presenta escrito con data 18 de decembro do corrente (RE-E núm. 727) polo que renuncia a adxudicación do investimento manifestando que *“debido a escaseza no mercado laboral de man de obra cualificada, non ten dispoñibilidade de traballadores para a execución da obra”*.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Resolver de mutuo acordo o contrato menor de obras para a execución do investimento denominado “ACONDICIONAMENTO E MELLORA DE LAVADOIROS (LAXAS, SANTA MARIÑA E AZ)”, incluído no Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2023.

Segundo.- Non efectuar nova adxudicación de dito contrato por canto o Concello vai instar á Deputación Provincial o cambio de destino da subvención inicialmente concedida para outras inversións de carácter prioritario a determinar nas vindeiras sesións deste órgano.

3.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, con data decembro de 2023, cun importe global de SETENTA E NOVE MIL DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (79.235,50 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	56.987,11 €
✓ Equipamento	15.230,39 €
✓ Honorarios de proxecto:	6.029,79 €
✓ Honorarios dirección de obra e coordinación:	988,21 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 21/12/23, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

4.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DE “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”

Aprobado no anterior acordo da orde do día o correspondente proxecto técnico da obra, cómpre proceder ao inicio do expediente de contratación do investimento. Dita inversión está financiada ao 75 % por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do 04/08/23). A porcentaxe restante corre a cargo de fondos propios municipais, para o que existe consignación orzamentaria axeitada unha vez entrado en vigor o expediente de modificación de créditos núm. 4/2023.

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “(...) *xestión dos residuos sólidos urbanos*”, segundo o establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo a recollida de residuos un servizo mínimo obrigatorio en todos os concellos (artigo 26.1 a) da LRBRL); así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático con cargo á subvención referida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e de conformidade co establecido no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación da obra de “ACTUACIÓNS DE MELLORA DO PUNTO LIMPO DE RODEIRO”, de conformidade co proxecto técnico aprobado, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado sumario, de conformidade co previsto no artigo 159.6 e concordantes da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

5.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes que, por resolución de data 9 de novembro do corrente (DOG núm. 218, do 16/11/23), a Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia concedeu unha subvención ao Concello, por importe de 69.291,00 €, para o investimento denominado “*Adquisición de equipamento: Punto Limpo Móbil*”, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2023 da

Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se realiza a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2023 e 2024 (DOG núm. 148, do 04/08/23).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa á “(...) *xestión dos residuos sólidos urbanos*”, segundo o establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL), constituíndo a recollida de residuos un servizo mínimo obrigatorio en todos os concellos (artigo 26.1 a) da LRBRL); así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático con cargo á subvención referida.

Xa que logo, dispoñendo xa do financiamento necesario para a realización da obra, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación do contrato de subministro de “ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO: PUNTO LIMPO MÓBIL”, de conformidade coa memoria técnica redactada polo enxeñeiro técnico industrial Don Juan Carlos Bardelás Lamas, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

6.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA

VISTA a instancia presentada pola sociedade DEPUR GM DESEÑO E OBRA S.L., co CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Lalín (RE-E núm. 536, do 21/09/23), pola que solicita a devolución da garantía constituída a favor deste Concello mediante aval da entidade financeira BANKINTER S.A., estendido con data 25/10/21 (registro núm. 0502300), por importe de SETE MIL CINCOCENTOS CINCUENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (7.556,50 €), en concepto de garantía definitiva da obra de “*Construción dun edificio polivalente de uso asistencial – Fase III*”, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a súa cancelación e devolución á solicitante.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- BEGOÑA VÁZQUEZ LÓPEZ 1.360,00 €
Por asistencia a Plenos e Comisións Informativas no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- CONCEPCIÓN ISOLINA SOMOZA CALVIÑO 1.360,00 €
Por asistencia a Plenos e Comisións Informativas no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- ELENA GAMALLO MOURE 1.360,00 €
Por asistencia a Plenos e Comisións Informativas no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- PATRICIA HERMIDA DEZA 960,00 €
Por asistencia a Plenos no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- JESÚS LÓPEZ DIÉGUEZ 960,00 €
Por asistencia a Plenos no segundo semestre de 2023, s/cargo.

- PABLO CUÑARRO FERNÁNDEZ 960,00 €
Por asistencias a Plenos no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- LUÍS LÓPEZ DIÉGUEZ 690,00 €
Por asistencias a Plenos no segundo semestre de 2023, s/cargo.
- SERTECO-OR S.L. 308,80 €, 61,71 € E 65,53 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A/1724, 23A/1725 e 23A/1726 (FACe).
- Mª JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 101,85 € E 100,00 €
Por subministro de diverso material para o Concello, s/facturas núm. 527 e 532.
- Mª JOSEFA FERNÁNDEZ MOURE 51,85 €
Por subministro de material de limpeza para dependencias municipais , s/factura núm. 528.
- CARNICERÍA VILLANUEVA PENERBOSA S.L. 33,95 €
Por subministro de material de limpeza para dependencias municipais , s/factura núm. FC9725-3.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 9.208,98 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de outubro de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 7.146,94 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de outubro de 2023, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 69,39 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA77W0001083, TA77W0001099 e TA77W0001100 (FACe).
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 383,13 €
Por subministro de bebidas para a iniciativa “Galicia sabe a mar”, s/factura núm. 13468.

- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 127,50 €
Por subministro de flores e arranxo floral, s/factura núm. A/334.
- ÓSCAR TORREIRO SOBRADO 410,00 €
Por traballos de mantemento anual do reloxo da Casa do Concello, s/factura núm. 11.
- ANA BELÉN MENOYO GARCÍA 3,00 €
Por subministro de pilas para o Concello, s/factura núm. 13463.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.758,25 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico de obra incluída na subvención da Deputación por inundacións, s/factura núm. 011/2023.
- LETICIA DIÉGUEZ ALONSO 1.179,28 € E 294,82 €
Honorarios por dirección facultativa e coordinación en materia de seguridade e saúde de obra incluída no Plan Marco 2023-2024, s/facturas núm. 014/2023 e 015/2023.
- BCR DEZA ENXEÑEIROS S.L. 3.388,00 €
Honorarios por redacción de proxecto técnico da obra de “*Construción de pista de pádel exterior*”, s/factura núm. 23174.
- CITANIA ARQUEOLOXÍA S.L. 2.504,70 €
Por traballos de control arqueolóxico de obra incluída no Plan Concellos 2022, s/factura núm. 2023-50 (FACe).
- SYMATEC S.L. 982,81 €
Por servizo de limpeza de dependencias municipais no mes de agosto de 2023, s/factura núm. 791 – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA 847,00 €
Por emisión de informe relativo ao procedemento de aprobación dos orzamentos municipais, s/factura núm. 2023.8050A/0132 – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*

- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 4.110,67 €, 3.729,37 € E 446,60 €
Por prestación de servizo de apoio ao Punto de Atención á Infancia (PAI), nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2023, s/facturas núm. A8, A17 e A28 (FACe) – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- SOCISER GALICIA S.L.U. 1.054,07 € E 921,34 €
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de libre concorrancia, nos meses de xuño e xullo de 2023, s/facturas núm. A106 e A126 (FACe) – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- SOCISER GALICIA S.L.U. 5.009,68 €, 5.230,42 €, 4.545,05 € E 3.546,42 €
Por prestación de servizo de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de abril, maio, xuño e xullo de 2023, s/facturas núm. A65, A79, A107 e A127 (FACe) – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- ÓSCAR TORREIRO SOBRADO 340,98 €
Por adquisición de agasallos para os/as homenaxeados/as na Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 9.
- BAR CHANTADA VIADILLA S.L. 8.745,00 €
Por servizo de cátering e xantar da Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 23/24 (FACe).
- SERVICIOS SANITARIOS DEL CANTÁBRICO S.L. 520,00 €
Por servizo de ambulancia para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. V23/36 (FACe).
- MARCAXE DEZA S.L. 108,90 €
Por confección de entradas numeradas para a Xuntanza da Terceira Idade, s/factura núm. 23591 (FACe).

- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 36,30 €, 36,30 € E 145,00 €
Por diversos reparacións eléctricas e de fontanería no Centro Público Integrado (CPI), s/facturas núm. 12/23, 38/23, 101/23 – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- CEXNOR TECNIC S.L. 779,41 €
Por traballos de revisión de extintores no Centro Público Integrado (CPI), s/factura núm. FA23/1590 – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 108,90 €
Por confección de lona para o concerto de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre, s/factura núm. A/2023281.
- NOELIA NEIRA VÁZQUEZ 352,00 €
Por refrixerio servido aos músicos e técnicos do concerto de Xabier Díaz e as Adufeiras de Salitre, s/factura núm. 3.
- COPERACTIVA CULTURAL S.L.U. 302,50 €
Por xestión de equipos técnicos para a actuación de Matrioshka Teatro, s/factura núm. 122023 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 50,02 € E 50,00 €
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de fotografía “*A muller rural: de onde e de hoxe*”, s/facturas núm. FA – 13419 e FA – 13492.
- DIGNA GONZÁLEZ CASTRO 50,09 €
Por canxe de vale de compra de premiada no concurso de fotografía “*A muller rural: de onde e de hoxe*”, s/factura núm. A2306.
- CEXNOR TECNIC S.L. 78,43 €
Por traballos de revisión de extintores no pavillón polideportivo e no ximnasio, s/factura núm. FA23/1650.

- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 298,87 €
Por traballos de reparación do marcador do pavillón polideportivo, s/factura núm. 103.
- LIMPIEZAS CARMENVASA S.L. 1.089,00 €
Por traballos de limpeza xeral extraordinaria do pavillón polideportivo, s/factura núm. 23/01140.
- FERRODEIRO S.L. 908,46 €, 879,92 €, 842,85 €, 528,62 €, 295,49 €, 663,39 € E 908,63 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/facturas núm. 001261, 001560, 001796, 001980, 002199, 002489 e 002814.
- REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. 1.203,22 € E 1.128,69
Por subministro de aglomerado en frío para obras en camiños municipais, s/facturas núm. 0041224883 e 0041226873 (FACe) – *A Intervención anuncia a interposición de reparo suspensivo.*
- HORMIGONES CARRAL S.L. 3.453,00 €, 2.595,80 €, 1.208,27 € E 1.754,09 €
Por subministro de formigón para obras municipais, s/facturas núm. A232200, A232201, A232202 e A23/2370 (FACe).
- PABLO GARCÍA PAIS 900,00 €
Por adquisición de desbrozadora, s/factura núm. 2023-0114.
- CANGADO S.L. 335,65 €, 57,63 € E 5,86 €
Por subministro de diverso material para obras municipais, s/facturas núm. R1/000140, R1/000177 e R1/000213.
- QUIVACOLOR S.L. 534,70 €
Por subministro de produtos químicos para zonas verdes municipais, s/factura núm. QO/230110 (FACe).

- LINCOLD IBÉRICA S.L. 1.148,29 €
Por subministro de cloro para o abastecemento municipal, s/factura núm. FV/00003489 (FACe).
- KLEER KIM S.A.L. 1.654,07 €
Por subministro de produtos químicos para a piscina municipal, s/factura núm. 1866 (FACe).
- INDUSTRIA QUÍMICA RÍO BLANCO S.L. 275,28 € e 550,55 €
Por subministro de cloro para a piscina municipal, s/facturas núm. A118685 e A119474 (FACe).
- AGROCAMBA V. FARO S.L. 283,13 € E 53,11 €
Por subministro de luvas para as auxiliares do Servizo municipal de axuda no fogar (SAF) e produtos de limpeza, s/facturas núm. 23FV 1021 e 23FV 1291.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 495,61 €
Por diversos traballos realizados no Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 100/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 680,62 € E 480,85 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/facturas núm. 74/23 e 99/23.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 283,14 € E 81,07 €
Por diversos traballos realizados no Centro de Saúde e no edificio sindical, s/factura núm. 98/23 e 97/23.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 2.123,55 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público do Concello, s/factura núm. 846.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 2.994,08 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumeadado público municipal, s/factura núm. 92.

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.720,45 € E 4.803,94 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no meses de outubro e novembro de 2023, s/facturas núm. 2023/2979 e 2023/3381 (FACe).
- MANCOMUNIDADE TERRAS DE DEZA 19.075,44 €
Por achega municipal ao orzamento da Mancomunidade no exercicio de 2023, s/cargo.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente en funcións dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde en funcións,
(*sinatura dixital*)